


LECTORES EXPERTOS



"ATLAS DEL MUNDO"
Simon Munford. Ed. SM.

Para dar unha volta ao mundo coa axuda deste atlas que contén un globo terrestre en tres dimensións, mapas interactivos que amosan onde está cada continente con datos de cada un deles e información sobre a vida, a xente e os lugares de diferentes países, bandeiras, linguas, cidades máis importantes...

"UNHA VIAXE INESPERADA"
LLuis LLorte. Ed. Xerais.

Armán é un rapaz que ten uns pais, amigos, unha mascota... Pero de súpeto todo vai cambiar. Armán adquirirá un superpoder moi especial... e acabará na outra punta do planeta! Como fará para evitar todos os perigos que o axexan e volver á casa san e salvo?



"PALABRAS DE AUGA"
Marcos Calveiro. Ed. Xerais

É una viaxe cara ao interior de África e da súa cultura: homes e mulleres camiñan baixo un sol abrasador pola sabana en busca dunha terra con auga. O cativo Amadou aprendeu a buscar comida, a cazar e terá que ir na procura do seu irmán desaparecido no campamento dos nenos soldado.

"INVENTARIO DE INSECTOS"
Virginie Aladjidi. Factoriakdelibros.

Os insectos viven sobre a Terra dende hai máis de 400 millóns de anos. Este catálogo reúne 65 especies de insectos de procedencia europea e do resto do mundo. Conta con ilustracións de estilo científico coloreadas con acuarelas.



"UN MUNDO DE JUEGOS"

Angels Navarro. Ed. Combel

Invita a viaxar por distintos lugares do mundo: as pirámides de Exipto, os canais de Venecia... Cada lámina propón unha serie de actividades de observación, lóxica e razoamento. A partir de 8 anos.

MENTES CURIOSAS

"ESTACIÓN PORTO CABEIRO: UNHA VIAXE POLO MUNDO"

É o Proxecto deste curso da Biblioteca.
Coa lectura viaxaremos por Francia, Italia, Reino Unido, México, Brasil, Australia, Estados Unidos, Sudáfrica, Polo Norte, Xapón, India...



AUTOR:

JOEL FIGUEROA GARCÍA
5º PRIMARIA




India

Mergullarémonos na riqueza e diversidade dos pobos para, a partir do seu coñecemento, chegar ao respecto, ao diálogo e á paz entre culturas.

AUTORA:

UXÍA GARCÍA DE LA PEÑA
2º PRIMARIA



www.bibliotecaportocabeiro.blogspot.com



GUÍA DE LIBROS NADAL 2.015



UN PLANETA DE LECTURAS



CEIP PORTO CABEIRO



PRELECTORES



“PAÍSES Y COSTUMBRES”.
EL LIBRO DE LAS PREGUNTAS DE BARRIO SÉSAMO. Ed. Folio
Con preguntas e respostas útiles para os nenos: Onde está a torre Eiffel? Por que está inclinada a torre de Pisa? Cal é o país máis verde do planeta?...


“ONCE DAMAS ATREVIDAS”
Adaptación dun conto popular.
Oli. Ed. kalandraka .

“Once damas atrevidas camiñaron ata Fez; unha perdeuse nos contos, non quedaron máis que dez...”. Pero aínda hai moita viaxe por diante...




“PERDIDO?”
Oliver Jeffers.
Patasdepeixe Editora
Un pingüín chama na casa dun neno e este, pensando na súa tristura, tenta devolvêlo ao seu mundo.

“SEN RUMBO POLO MUNDO, CATARINA E O OSO”.
Christiane Pieper. Kalandraka
O oso vagoroso ía polo mundo sen rumbo e, un día, Catarina decidiu segui-lo. Queres acompañalos?



MENTES CURIOSAS

“VIAJE ALREDEDOR DEL MUNDO”
BUSCA Y COLOREA. Ed. Ballón
Para observar, buscar, descubrir e pintar.



“MI PRIMER LAROUSSE DEL QUIJOTE”




PRIMEIROS LECTORES




“MI PRIMERA VUELTA AL MUNDO”.
Ed. SM
Este atlas é unha primeira aproximación á xeografía para os máis cativos. Nel atoparán información sobre os continentes e descubrirán curiosidades sobre os países, as súas paisaxes e xentes. Para educar na multiculturalidade e na tolerancia.

“UNHA VIAXE POLO MUNDO”
As Maimiñas. Ed. Galaxia. Libro Disco.
Para viaxar podes coller barcos, avións e incluso camelos. Ou podes acompañar ás Maimiñas nesta volta musical polo mundo: a Muralla China, África, América do Sur, New York... E, viaxando, poderás cantar e bailar!



“20.000 LEGUAS BAIXO DOS MARES”
Jules Verne. Tradución ASLI.
Baía Edicións
Mortos de frío e sen folgos, os protagonistas atópanse na auga a lombos dun monstro. Só entón se decatan de que non se trata nin dunha balea nin dunha criatura mariña, senón dunha estraña máquina submarina. Aventuras navegando polos mares do mundo.



“WANGARI Y LOS ÁRBOLES DE LA PAZ”
Jeanette Winter. Ekaré Ediciones
De pequena, en Kenia, Wangari Maathai vive rodeada de árbores. Empeza entón unha masiva deforestación e temendo que o bosque desapareza Wangari sembra nove pequenas árbores...

MORTADELO Y FILEMÓN



“ELECCIONES”
Ed. B

ASTÉRIX
“O PAPIRO DO CÉSAR”
Ed. Salvat-Xerais




PERSONAXES DE BANDA DESEÑADA

LECTORES AUTÓNOMOS



“ISTO É LONDRES”
M. Sasek. El Patito Editorial
Para viaxar por Londres con textos sinxelos e sorprendentes ilustracións que informan das xentes, do transporte, dos parques, do río... Álbum ilustrado que percorre outras seis cidades do mundo: París, Roma, New York...



“O NACEMENTO DE NUNAVUT”
Xoan Abeleira. Ed. Xerais
Nunavut é a nena protagonista e pertence a un dos pobos máis lendarios da Terra, os inuit ou esquimós que viven en condicións moi duras ocupando a rexión máis fría do planeta. Para coñecer as marabillas dunha cultura que loita por sobrevivir.

“AS VIAXES FANTÁSTICAS DE JULES VERNE”. Baía Edicións.
Cinco das máis recoñecidas novelas de Verne. Unha viaxe literaria chea de sorpresas pola Lúa, polo interior da Terra, polos seus mares e mesmo unha carreira a fume de carozo en plena sabana africana... Para partir de viaxe cos heroes destas historias.



“LA VUELTA AL MUNDO EN 80 DÍAS”.
Gerónimo Stilton. Ed. Destino
O clásico de Verne libremente adaptado. Todo empezou como un xogo, como unha aposta. Phileas Fogg e o seu fiel Passepartout aceptan o desafío e se preparan para unha gran aventura: A volta ao mundo en 80 días...



LONDRES, PARÍS, ROMA...
MIS PRIMERAS GUÍAS DE VIAJE
Lonely Planet



PRATOS DO MUNDO
Ed. Ouvirmos

PERSONAXES LITERARIOS DO MUNDO